

Compañía: BBVA Allianz Seguros y Reaseguros, S.A. Entidade española sometida á regulación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións inscrita no Rexistro de Entidades Aseguradoras con número C0807.

Produto: BBVA Allianz Decesos

A información precontractual e contractual completa relativa ao produto facilítase noutros documentos.

EN QUE CONSISTE ESTE TIPO DE SEGURO?

Trátase dun seguro que lle permite ao cliente cubrir as xestións e gastos relacionados coa prestación do servizo funerario tras o falecemento de acordo cos usos e costumes do lugar onde se realice, sexa cal sexa a causa e o lugar de falecemento, evitando que os familiares teñan que facerse cargo dos gastos, xestións e trámites administrativos, ademais das garantías adicionais incluídas en póliza.

Neste caso, e para os efectos do cálculo do prezo do contrato, trátase dun produto de prima Mixta, unha prima crecente que se nivela a partir dos 75.



QUE SE ASEGURA?

- ✓ A prestación do servizo de decesos axeitado ao domicilio do asegurado, e ata o límite sinalado na póliza actualizable anualmente para ofrecer servizos adaptados aos usos e costumes de cada localidade.
- ✓ Adicionalmente, as seguintes garantías:
 - ✓ O **traslado completo** dos restos mortais desde calquera lugar do mundo a España, se o asegurado ten a súa residencia habitual en España e non permanece fóra máis de 90 días.
 - ✓ **Asistencia en viaxe**, para viaxes de duración inferior a 90 días.
 - ✓ **Xestión servizos xurídicos**.



QUE NON ESTÁ ASEGURADO?

- ✗ Os falecementos ocorridos antes da data de inicio da cobertura ou despois da rescisión da póliza.
- ✗ Os falecementos derivados de enfermidade grave ou intervención cirúrxica ocorridos antes da data de inicio da cobertura que non fosen declarados no cuestionario de saúde.
- ✗ Os falecementos a consecuencia de conflitos armados, revolución, motíns, epidemias e os catastróficos.
- ✗ Reembolso de gastos por servizos cubertos cando non sexan prestados polo asegurador.
- ✗ Os sinistros causados con intención de dolo.
- ✗ Prestación do servizo fúnebre fóra de España.



EXISTEN RESTRICIÓN NO QUE RESPECTA Á COBERTURA?

- ! Os gastos como consecuencia de acontecementos ou circunstancias que non consten expresamente cubertas no Contrato.
- ! Límite en canto ás contías económicas ou de coberturas axustarase ao establecido nas condicións da póliza.
- ! período de cobertura para cada unha das garantías contratadas axustarase ao establecido nas condicións da póliza.
- ! As restricións e limitacións de cada cobertura contratada especificadas nas condicións da póliza.



ONDE ESTOU CUBERTO?

- ✓ En calquera lugar do mundo para o traslado a España e asistencia en viaxe sempre e cando sexa durante unha viaxe cun máximo de 90 días consecutivos.
- ✓ En España para o resto de garantías contratadas.



CALES SON AS MIÑAS OBRIGAS?

- O Tomador debe facilitar os datos necesarios para a emisión do contrato; estes deberán ser actuais, correctos e veraces a fin de poder asegurar correctamente o risco.
- O Tomador debe ler e comprobar atentamente os termos e condicións do seu contrato e, no seu caso, pedir no prazo dun mes a rectificación dos posibles erros. Se non o fai, estarase ao disposto no contrato.
- O Tomador deberá comunicar calquera cambio na información proporcionada por se é necesario adaptar a póliza á nova situación mediante as correspondentes accións.
- O Tomador do Seguro debe pagar a prima. Só se se cumpriron os requisitos de sinatura do contrato e pagamento da prima, o contrato estará debidamente formalizado e en vigor e os sinistros que se produzan a partir dese momento terán cobertura.
- Para que o seguro continúe vixente, o Tomador do Seguro debe pagar a prima correspondente á seguinte anualidade. Ten para iso un prazo de graza dun mes, transcorrido o cal, se o pagamento non se fixo, a cobertura do Asegurador queda en suspenso, non facéndose cargo dos sinistros que puidesen ocorrer a partir dese momento.
- Comunicar o falecemento do asegurado e facilitar a documentación que requira a compañía.



CANDO E COMO TEÑO QUE EFECTUAR OS PAGAMENTOS?

O pagamento realizarase mediante calquera dos medios de pago dispoñibles da compañía o día da formalización do contrato e do mesmo xeito nos sucesivos vencementos e/ou fraccións de pago, podendo realizar pagamentos mensuais, trimestrais, semestrais e anuais.



CANDO COMEZA E REMATA A COBERTURA?

Comeza: Ás 00:00 horas da data de inicio indicada na póliza, sempre que se pague o primeiro recibo. Existen períodos de carencia para algunhas garantías:

Garantía de decesos	20 días
Traslado completo	20 días
Asistencia en viaxes	20 días

Finaliza: A póliza ten unha duración anual e prorrogase automaticamente. No caso do servizo de decesos, sempre que non se incorra en suspensión de garantías por impagamento de prima, prorrogarase automaticamente ata o falecemento do asegurado.



COMO PODO RESCINDIR O CONTRATO?

- ✓ Mediante comunicación escrita á Aseguradora, polo menos cun mes de anticipación ao vencemento.
- ✓ Dereito de desistencia, prazo de 14 días desde o asinamento do contrato no caso de que a contratación sexa a distancia.